

PROPAGACIÓN e PERCEPCIÓN DO SON



O son necesita un medio natural para propagarse: sólido, líquido ou gasoso. No baleiro non se propaga. Nun medio natural a vibración dunha partícula transmítelle enerxía ás partículas do seu redor, co que se forma unha cadea.

O noso corpo pode actuar como medio de propagación das ondas, e mesmo sentimos acotío vibracións de múltiples obxectos que nos rodean.

Propoñémoste neste caso que a túa cabeza actúe como medio de propagación do son, e como caixa de resonancia na escoita do diapasón, unha barra metálica en forma de U que ao vibrar produce un son cun ton determinado, neste caso un La.

Pecha os ollos, tapa os oídos e escoita como resoa o La no teu interior. O mesmo acontecería se o fixésemos vibrar desde o teu cóbado, ou desde o nocelo!